



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 24/03/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

#### SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 24/03/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de

Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DIA

- 1- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2- LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3- RECTIFICACIÓN DE ERROS, NA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZO MÚLTIPLES, Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.
- 4- RECTIFICACIÓN DE ERROS, NA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEONS DE APOIO A SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA), Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.
- 5- ASUNTOS VARIOS.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 10/03/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 10/03/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

## 2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

### LICENZAS DE OBRAS

EXPEDIENTE: 2021/U022/000017

Visto o escrito co número 2021/999/00000469 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 30/07/2021, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, en representación de ANGEL MARIA TRABA CANOSA de LICENZA DE EDIFICACIÓN para a legalización da edificación destinada a apartamentos turísticos (Referencia Catastral número: 8112697MH7581S0000DY).

Considerando, que co número 2021/999/00000588 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/09/2021, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, achega documentación complementaria consistente no informe previo favorable de Turismo, para unir a este expediente.

Considerando, que do informe técnico de data 12/11/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que deberá presentar para seguir coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001947 (RS) de 15/11/2021, comunícaselle o informe técnico anterior a XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES.

Considerando, que co número 2022/999/00000015 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 7/01/2022, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, contesta ao requirimento anterior e achega documentación complementaria para unir a este expediente.

Considerando, que co número 2022/999/00000024 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 10/01/2022, JUAN RAMÓN INSUA REDONDA, presenta nomeamento de dirección de execución material da obra e coordinación de seguridade e saúde para unir a este expediente.

Considerando, que do informe técnico de subsanación de data 8/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que deberá presentar para seguir coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000075 (RS) de 10/02/2022, comunícaselle o informe técnico anterior a XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando, que co número 2022/999/00000181 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 8/03/2022, presenta nomeamentos visados de dirección de execución e coordinación de seguridade de obra executada e pendentes de executar para unir a este expediente.

Considerando, que co número 2022/999/00000182 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 8/03/2022, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, contesta ao requirimento anterior e achega código visado do documento "Anexo á expediente legalización" no que xa constan as rectificacións do requirimento do Concello e oficio de dirección, para unir a este expediente.

Visto que con data 23/03/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o proxecto e conexións coas redes de abastecemento e saneamento público.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 24/03/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ANGEL MARIA TRABA CANOSA, licenza urbanística para a legalización de 6 apartamentos turísticos en base ao proxecto de legalización visado de data xullo de 2021, redactado polo arquitecto Xoán B. Alborés Tajés, colexiado 3125 COAG e título "Proxecto de legalización para 6 apartamentos Turísticos e os Anexos que constan no expediente"

2º) As obras non se poderán iniciar sen presentar documento público de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso. A superficie de cesión, segundo a aliñación establecida no PXOM de Fisterra correspóndese coa distancia de 6 metros o eixo do camiño que da fronte e que segundo o inventario de bens que obra neste concello ten o número 381 e que se corresponden, segundo o proxecto presentado cunha superficie de 150,00 m2.

3º) O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis mees desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

4º) Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

5º) Repoñerese ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais. Co fin de garantir a reposición do firme ou beirarrúa que puidese ser afectada polas obras pretendidas deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de cincocentos euros (500,00 €).

6º) En aplicación do artigo 24 da ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra, disporase a pé da obra un cartel indicador que sexa visible desde o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000017
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local de 24/03/2022
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional (SNR-cm-2)
- PROMOTOR: D. ANGEL MARIA TRABA CANOSA
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Xoan B. Alborés Tajés. Colexiado nº. 3125 do COAG
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda, colexiado nº. 2750 do COATIE.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+1+BC
- USO: HOTELEIRO
- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

7º) O orzamento de execución material da obra segundo o proxecto ascende á cantidade de douscentos sesenta e oito mil oitocentos trinta e cinco euros e dezaoto céntimos (268.835,18 €).

O orzamento de execución material en aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4/10/2011, e publicado no BOP número 231 de 5/12/2011, é de trescentos vinte e cinco mil setecentos un euro e oitenta e oito céntimos (325.701,88 €) e sobre este importe calcularase o ICIO e a tramitación do expediente.

8º) Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproa o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentarase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente, no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada.

9º) En base ao Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, deberá presentar un informe que cumpre cos requisitos indicados no artigo 12 do devandito Decreto, elaboración a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolve a actividade.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

10º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000086

Visto o escrito co número 2021/999/00000399 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/06/2021, presentado por TOMAS RODRIGUEZ LIZANA, en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A., con CIF: A-82.018.474 e domicilio electrónico de notificacións a través do mail [gestionpermisosnorte@telefonica.com](mailto:gestionpermisosnorte@telefonica.com), de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de instalación dunha arqueta M con canalización de 46 m e arqueta H en Rúa Cabello, 43, nova arqueta tipo M en rúa do Voluntariado, 3 e 5 m de novo canalizado no lugar de San Martiño de Abaixo, 114 dese termo municipal (Referencia Catastral número: 8216109MH7581N0001OX).

Considerando, que co número 2021/999/00000407 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 16/06/2021, MARIA LOURDES PEÑALVER MARTINEZ, en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A., con CIF: A-82.018.474 e domicilio electrónico de notificacións a través do mail [gestionpermisosnorte@telefonica.com](mailto:gestionpermisosnorte@telefonica.com), presenta alegación contras as taxas de tramitación e taxas de ICIO deste expediente.

Considerando, que co número 2021/999/00000412 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 17/06/2021, MARIA LOURDES PEÑALVER MARTINEZ, en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A., con CIF: A-82.018.474 e domicilio electrónico de notificacións a través do mail [gestionpermisosnorte@telefonica.com](mailto:gestionpermisosnorte@telefonica.com), aporta documentación complementaria consistente no permiso de patrimonio para unir a este expediente.

Considerando que con data 15/06/2021, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cutlura, Educación e Universidade REOLVE autoriza as obras previstas co nome de "HUECO 33874 Z2999065" para a instalación de 3 arquetas e canalización de rede telefónica na rúa Cabello, 43, rúa Voluntariado, 3 e lugar de San Martiño, 14 de Fisterra.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 23/06/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000834 (RS) de 25/06/2021, comunícaselle o informe técnico anterior a TOMÁS RODRIGUEZ LIZANA, en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A..

Considerando, que co número 2022/999/00000198 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/03/2022, MARIA LOURDES PEÑALVER MARTINEZ, en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A., con CIF: A-82.018.474 e domicilio electrónico de notificacións a través



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

do mail [gestionpermisosnorte@telefonica.com](mailto:gestionpermisosnorte@telefonica.com), aporta documentación complementaria requirida para continuar coa tramitación deste expediente.

Vista a acta de comprobación documental de data 15/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a TOMAS RODRIGUEZ LIZANA, en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A., con CIF: A-82.018.474 e domicilio electrónico de notificacións a través do mail [gestionpermisosnorte@telefonica.com](mailto:gestionpermisosnorte@telefonica.com), LICENZA URBANISTICA para a realización de obras consistentes na instalación dunha arqueta M con canalización de 46 metros e arqueta H na rúa Cabello, 43, nova arqueta tipo M na rúa do Voluntariado, 3 de 5 metros, e novo canalizado no lugar de San Martiño de Abaixo, 114 dese termo municipal (Referencia Catastral número: 8216109MH7581N0001OX), debendo cumprir en todo caso:

- Informar ao concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados, que de ser o caso, serán descargados en vertedoiro autorizado.

- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

- Coas obras pretendidas é necesario levantar o pavimento existente no viario, polo que será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do concello o importe do custo de reposición da urbanización afectada. Este importe é de mil cincocentos euros (1.500,00 €).

- Esta garantía será devolta cando os servizos técnicos xiren visita tras a realización das obras, e se comprabe que o pavimento quedou igual que o estado inicial á execución das pretendidas obras.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000027

Visto o escrito co número 2021/000/00002166 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 19/10/2021, presentado por CANDIDA MOUZO PEREIRA



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

LICENZA DE OBRAS de peche con valla e malla, nunha parcela que se localiza no lugar de Sardiñeiro de Arriba deste termo municipal (Referencia Catastral número: 15038B501000080000UK).

Considerando que no expediente consta declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, remitida á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

Vista a acta de comprobación documental de data 11/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a CANDIDA MOUZO PEREIRA, a licenza para realizar obras de peche con vallas e malla, nunha parcela que se localiza no lugar de Sardiñeiro de Arriba deste termo municipal (Referencia Catastral número: 15038B501000080000UK), debendo cumprir en todo caso:

- Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de urbanismo do Concello que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

O recuado que se debe realizar con respecto ás vías que a fronte e que constan no Inventario de Bens que obra neste Concello é de 5,00 metros ao eixo das vías que a fronte.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## LICENZAS DE SEGREGACIÓN E PARCELACIÓN

EXPEDIENTE: 2021/U018/000002

Visto o escrito co número 2021/999/00000392 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 8/06/2021, presentado por JOSE JESUS BALIÑA ROMERO, en representación de GERMAN BASOA RIVAS, de LICENZA DE SEGREGACIÓN E PARCELACIÓN da finca con referencia catastral número 8609340MH7580N0001ZT, que se localiza na rúa Montarón de Fisterra, en base ao proxecto de segregación de solar realizado polo arquitecto técnico José J. Baliña Romero.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando, que do informe técnico de data 19/07/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000963 (RS) de 23/07/2021, diríxese oficio á DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na que se lle solicita o correspondente informe sectorial.

Considerando que con data 14/03/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade RESOLVE autorizar a execución das obras de segregación dunha parcela, referencia catastral 8609340MH7580N de Fisterra.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 22/03/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Visto o informe técnico favorable emitido o día 23/03/2022, polo arquitecto que presta servizos nesta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder licenza a GERMAN BASOA RIVAS, para proceder á segregación da parcela con referencia catastral número 8609340MH7580N0001ZT, dunha superficie total de tres mil catrocentos vinte e sete con catorce metros cadrados (3.427,14 m<sup>2</sup>) en seis parcelas resultantes tal e como de seguinte se indica:

PARCELAS	SUPERFICIE BRUTA	SUPERFICIE CESION	SUPERFICIE NETA
PARCELA A	606,73 m <sup>2</sup>	43,46 m <sup>2</sup>	563,27 m <sup>2</sup>
PARCELA B	611,20 m <sup>2</sup>	45,28 m <sup>2</sup>	565,92 m <sup>2</sup>
PARCELA C	665,46 m <sup>2</sup>	47,82 m <sup>2</sup>	617,64 m <sup>2</sup>
PARCELA D	565,44 m <sup>2</sup>	48,58 m <sup>2</sup>	516,86 m <sup>2</sup>
PARCELA E	394,18 m <sup>2</sup>	93,68 m <sup>2</sup>	300,50 m <sup>2</sup>
PARCELA F	584,13 m <sup>2</sup>	71,06 m <sup>2</sup>	513,07 m <sup>2</sup>
<b>TOTAL</b>	<b>3.427,14 m<sup>2</sup></b>	<b>349,88 m<sup>2</sup></b>	<b>3.077,26 m<sup>2</sup></b>

2º) En base ao artigo 24.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, será necesario ceder gratuitamente ao Concellos os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso, que e corresponde cunha superficie de 349,88 m<sup>2</sup>.

3º) Comunicar a GERMAN BASOA RIVAS a obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no Catastro Inmobiliario dos inmobles e das súas alteracións, polo que deberá proceder á declarar as diferenzas advertidas entre o





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

proxecto de segregación e a recollida na información catastral subministrada. Todo iso, de conformidade cos artigos 11 e 13.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro (Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 4 de marzo).

4º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

### COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRA

EXPEDIENTE: 2022/U026/000028

Visto o escrito co número 2022/000/00000421 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/03/2022, presentado por MARIA ESPERANZA CASTREGE LÓPEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de illamento interior da parte interior do teito da vivenda para evitar humidades na vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 8605807MH7580N0001HT).

Vista a acta de comprobación documental de data 15/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA ESPERANZA CASTREGE LÓPEZ, o título habilitante para a realización de obras consistentes no illamento da parte interior do teito da vivenda para evitar humidades da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 8605807MH7580N0001HT).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000131

Visto o escrito co número 2021/000/00002048 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 5/10/2021, presentado por AMABLE DOMINGUEZ CANOSA, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de substitución do teito existente por outro novo con tella do país e repicado e encintado da fachada do inmovible da súa propiedade (Referencia Catastral número: 0744913MH8504S0001QG).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 29/10/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo acadarse para poder realizar as mesmas autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001935 (RS) de 10/11/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001948 (RS) de 16/11/2021, comunícaselle a Amable Domínguez Canosa que se remite copia do expediente á D.X. de Patrimonio Cultural e que se paralizan os prazos para resolver ata recibir o informe sectorial solicitado.

Resultando, que con data 17/03/2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural RESOLVE autorizar a execución das obras de cambio de tellado e arranxo de fachada

Vista a acta de comprobación documental de data 22/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, sempre que se manteña a configuración e volumetría actual da cuberta.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a AMABLE DOMINGUEZ CANOSA, o título habilitante para a realización de obras consistentes na substitución do teito existente por outro novo con tella do país, repicado e encintado da fachada do inmovible da súa propiedade (Referencia Catastral número: 0744913MH8504S0001QG), debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- Retirarase a plaqueta cerámica antes de aplicar o revestimento de morteiro, que será de cal ou bastardo de cal e cemento, con acabado liso, non pulido. A limpeza da pedra farase preferentemente de maneira manual con cepillos vexetais, non é recomendable o chorro de auga ou area a presión. Para os encintados dos muros de pedra, empregaranse morteiros tradicionais de cal e area, e quedarán lixeiramente refundidos na xunta ou a rentes coa fábrica, nunca en relevo. Deixaranse á vista unicamente as pedras labradas arredor dos ocos e os tornachuvias de cantería sobre



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

as fiestras e portas. Na bufarda, retiraranse as franxas ornamentais de tella, repararase o enfusado e pintarase; aplicarase o mesmo acabado ás chemineas de fábrica existentes. O revestimento de morteiro de todas as fachadas do conxunto deberá pintarse uniformemente con acabado mate, na cor branca de código NCS 0300-N recollida na devandita carta R06 do tomo IX da Guía de Cor e materiais de Galicia.

- Os novos bancos e xardineiras serán exentos, de escala axeitadas, cun deseño sinxelo, sincero, sen ornamentacións historicistas, de pedra do lugar con acabado non pulido.

- Non se alterará a posición e forma orixinal das cubertas, o seu número de vertentes nin a pendente orixinal destes. Non se construírán novas mansardas nin quebras nas vertentes nin se modificará a altura da cuberta non seu encontro co muro. O material de cobertura a utilizar será a tella cerámica curva na súa cor natural. De utilizarse algún elemento de impermeabilización baixo tella, como placas de fibrocemento ou similares, coidarase que este non quede visto en ningún punto do perímetro da cuberta. Os encontros entre vertentes nos cumios e lima tesas resolveranse co propio material de cubrición, evitando o uso de elementos metálicos. Como regra xeral, manteranse os beirados existentes ou utilizarase un sistema similar ao orixinal. En calquera caso, os beirados son sempre de escasa entidade, polo que se prohíbe calquera beirado cun voo maior de 20 cm. Prohíbese a adición de cornixas, aplacados ou calquera elemento decorativo no encontro entre muro e cuberta.

- Si se procede á substitución de canlóns ou baixantes, estes deberán ser de sección semicircular e circular respectivamente, de cinc, cobre, ou aluminio lacado en cor branca ou gris clara, con acabado mate.

- Calquera modificación das características descritas neste informe ou outra intervención que se queira engadir, deberá ser novamente sometida a informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En tal caso, na nova proposta deberán detallarse claramente as obras a realizar, tendo en conta os criterios de conservación de materiais, elementos construtivos característicos e integración na paisaxe.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000138

Visto o escrito co número 2021/000/00002167 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 19/10/2021, presentado por LEONCIO MARTINEZ MARTÍNEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de reparación dun muro existente, nunha lonxitude de 40 metros) que se localiza no lugar de Buxán deste termo municipal (Referencia Catastral número: 15038A503003710000DQ).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 27/10/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar coa tramitación do expediente.

Vista a acta de comprobación documental de data 23/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a LEONCIO MARTINEZ MARTÍNEZ, o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación dun muro existente, nunha lonxitude de 40 metros) que se localiza nunha sita no lugar de Buxán deste termo municipal (Referencia Catastral número: 15038A503003710000DQ), debendo cumprir en todo caso:

- Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de urbanismo do concello de Fisterra que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

- Deberá cumprir o indicado polo artigo 307 da normativa do PXOM, no que indica que a parte opaca do muro no superará 1,00 metros de altura.

O recuado que se debe de realizar con respecto ás vías que da fronte e que constan no Inventario de Bens que obra neste Concello é de 4,00 metros ao eixo da vía segundo os planos de ordenación do PXOM de Fisterra.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000029

Visto o escrito co número 2022/000/00000426 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/03/2022, presentado por GRUPO CABO SPORT, S.L., con CIF: B-70.606.900, e domicilio na rúa Federico Ávila, 7 de Fisterra, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de apertura de gabia na beirarrúa de 2 metros para reparación e conexión de Sumidoiros e abrir nova arqueta para evitar atascos (Referencia Catastral número: 8607444MH7580N0001TT).

Vista a acta de comprobación documental de data 15/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e permitidas pola ordenanza de aplicación.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a GRUPO CABO SPORT, S.L., con CIF: B-70.606.900, e domicilio na rúa Federico Ávila, 7 de Fisterra, o título habilitante para a realización de obras consistentes na apertura de gabia na beirarrúa de 2 metros para reparación e conexión de Sumidoiros e abrir nova arqueta para evitar atascos (Referencia Catastral número: 8607444MH7580N0001TT).

En todo caso, as obras de acometida ás redes de servizo municipais teranse que executar coas seguintes condicións:

a) Deberá informar ao concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b) Existirá unha arqueta sinfónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c) Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario listo, SN-4, de diámetro mínimo 160 mm recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida entre o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non se permiten curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d) A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm, de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xustas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde xa haxa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda, e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral, é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e) No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase mais baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal, será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- f) O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.
  - g) A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.
  - h) Non se poderán conectar a rede publica de sumidoiros as augas pluviais, as que terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.
  - i) O interesado comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.
- 2º) Co fin de garantir a reposición do firme presentarase ante o concello de Fisterra unha fianza de cincocentos euros (500,00 €).
- 3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000030

Visto o escrito co número 2022/000/00000450 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/03/2022, presentado por PEDRO BAHAMONDE DIAZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de reforma interior do baixo cuberta da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 8214806MH7581S0001MU).

Vista a acta de comprobación documental de data 22/03/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a PEDRO BAHAMONDE DIAZ, o título habilitante para a realización de obras consistentes na reforma interior do baixo cuberta da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 8214806MH7581S0001MU).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**3º) RECTIFICACIÓN DE ERROS, NA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZO MULTIPLES, Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.**

Vista a orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego en medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Modificar o acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 24/02/2022, e aprobar os proxecto de obras ou servizos denominado PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, cos datos que de seguido se indican.

SALARIO (SMI)	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	INDEM. FIN CONTRATO	CUSTOS TOTAIS
1.000,00 €	166,67 €	1.166,67 €	404,83 €	38,89 €	1.610,39 €

CUSTOS TOTAIS DE 1 TRABALLADOR DURANTE 9 MESES	
Custos salariais: 1.166,67 x 1 traballador x 9 meses =	10.500,03 €
Seg. Social Empresa: 404,83 x 1 traballador x 9 meses =	3.643,47 €
<b>CUSTOS TOTAIS</b>	<b>14.143,50 €</b>
Subvención Xunta de Galicia (1.571,50 € x 1 traballador x 9 meses	14.143,50 €
Aportación Municipal - Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 38,89 € x 1 traballadores x 9 meses =	350,01 €
Gasto Salarial =	10.500,03 €
Gasto Seguridade Social =	3.643,47 €
Aportación municipal =	350,01 €
<b>Total custo da contratación =</b>	<b>14.493,51 €</b>

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servicio.

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

**4º) RECTIFICACIÓN DE ERROS, NA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEONS DE APOIO A SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA), Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Vista a orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Modificar o acordo adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 24/02/2022, e aprobar os proxecto de obras ou servizos denominados PEONS DE APOIO A SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA), cos datos que de seguido se indican.

XORNADA 75 %					
SALARIO (SMI)	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	INDEM. FIN CONTRATO	CUSTOS TOTAIS
750,00 €	125,00 €	875,00 €	330,75 €	29,17 €	1.234,92 €

CUSTOS TOTAIS DE 2 TRABALLADOR DURANTE 9 MESES	
Custos salariais: 875,00 € x 2 traballador x 9 meses =	15.750,00 €
Seg. Social Empresa: 330,75 x 2 traballador x 9 meses =	5.953,50 €
<b>CUSTOS TOTAIS</b>	<b>21.703,50 €</b>
Subvención Xunta de Galicia (1.205,75 € x 2 traballador x 9 meses)	
	21.703,50 €
Aportación Municipal - Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 29,17 € x 2 traballadores x 9 meses =	525,06 €
Gasto Salarial =	15.750,00 €
Gasto Seguridade Social =	5.953,50 €
Aportación municipal =	525,06 €
<b>Total custo da contratación =</b>	<b>22.228,56 €</b>

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

## 5º) ASUNTOS VARIOS

### 5.1

#### - TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA DE ACTIVIDADES

EXPEDIENTE: 2022/U019/000004





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/999/00000129 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 18/02/2022, por María Ángeles Nemiña Canosa, de TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA e COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CAFÉ BAR - RESTAURANTE 1 GARFO que se localiza na edificación (Referencia Catastral número: 8612010MH7581S0002TI).

Considerando, que por Resolución da Alcaldía de 17/06/1989, concedéuselle licenza definitiva a TERESA FERNANDEZ MARTINEZ, para poñer en funcionamento a actividade de CAFE BAR - RESTAURANTE na edificación

Considerando, que mediante oficio co número 2022/999/00000145 (RS) de 24/02/2022, requíreselle a MARIA ANGELES NEMIÑA CANOSA, que presente diversa documentación para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que co número 2022/999/00000233 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/03/2022, María Ángeles Nemiña Canosa, aporta a documentación complementaria requirida para continuar coa tramitación deste expediente.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Teresa Fernández Martínez e María Ángeles Nemiña Canosa.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por tres votos a favor (2 PSOE e 1 BNG) e unha abstención da Sra. Teresa Fernández Martínez, acorda:

- 1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á Transmisión de Licenza e COMUNICACION PREVIA presentada por MARIA ANGELES NEMIÑA CANOSA, para o inicio da actividade de "CAFE BAR - RESTAURANTE"
- 2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- 3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## 5.2 – AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000492 (RE) de 16/03/2022, por A. R. L., no que solicita os billetes de ida e volta á Xefatura de Policía de Carballo para renovar o DNI e unha axuda económica polo importe dos gastos derivados da renovación do DNI.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o informe de data 22/03/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia dunha axuda económica única para este concepto así como facilitarlle os billetes de ida e volta do autobús á Xefatura de Policía de Carballo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a A. R. L., unha axuda económica única por importe de quince euros (15,00€) para sufragar os gastos derivados da renovación do DNI, así como facilitarlle os viaxes de ida e volta do autobús á Xefatura da Policía de Carballo.

O importe da axuda económica concedida de quince euros (15,00 €), debe facerse efectivo da conta bancaria da concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, dona María Rocío Mariño López, xa que lle adiantou este importe ao interesado.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.